



Concello
da Estrada

XII TORNEO DE TENIS DE DOBRES **“CONCELLO DA ESTRADA”**

- 1.-O torneo rexerese polas normas da Real Federación Española de Tenis.
- 2.-Os partidos disputaranse ao mellor de tres sets, con tie break en todos eles, e super tie break en lugar de terceiro set.
- 3.-O sistema de competición será eliminatorio con cabezas de serie establecidos pola organización.
- 4.-Aplicarase W.O. a toda parella que non estea preparada para disputar o seu partido transcorridos 15 minutos da hora sinalada para o comezo. O quecemento na pista non superará os 10 minutos. Recoméndaselle aos xogadores, da segunda e terceira quenda, que estean nas pistas media hora antes do comezo dos seus partidos.
- 5.-Lémbrese as parellas que teñan dificultades de horarios que deberán comunicalo á organización no momento da inscrición. A organización tratará de axustarse ás necesidades dos/das participantes. Unha vez confeccionados os horarios, estes non serán alterados e polo tanto non se accederá a cambios posteriores.
- 6.-Para cada partido utilizarase un bote de pelotas que terán que recoller na conserxería do Pavillón “M. Coto Ferreiro” e devolver ao remate do mesmo.

- 7.-**No caso de aprazamento dalgún partido pola choiva ou por atoparse as pistas molladas, este terá que xogarse nos días e horas que quedan libres no calendario, previa consulta coa Organización.
- 8.-**Se nalgunha categoría non se acada un número suficiente de inscricións, o torneo farase en formato mixto.
- 9.-**Os resultados dos partidos comunicaranse ao Departamento de Deportes do Concello ou no pavillón municipal Coto Ferreiro (Tf. **986 570030**) das 9 ás 14 h.
- 10.-**O torneo dará comezo o venres 18 de xuño, e rematará, coa disputa das finais, o domingo 27 de xuño.
- 11.-**O sorteo celebrarase o martes 15 de xuño e o remate do prazo de inscricións será o domingo 14 de xuño, as 14 horas.
- 12.-**As inscricións realizaranse a través de ibertens, ou no departamento de deportes do Concella da Estrada.
- 13.-** Celebrarase unha repesca conxunta para as parellas que perdan na primeira ronda.
- 14.-DEREITOS DE IMAXE:** Estas bases son públicas. A inscrición ou participación no torneo supón a cesión dos dereitos de imaxe a: Concello da Estrada e Escola de Tenis MVL por parte de tódolos participantes na proba, sexan xogadores, adestradores, membros da organización ou público. Todo aquel xogador, adestrador, membro da organización ou público que non desexe participar coa súa imaxe nos actos da proba excepto: fotografías de entrada en pista, de grupo e entrega de trofeos, deberá comunicalo por escrito a través dos canles de comunicación da proba.

